

Real decreto 172/1988, do 22 de febreiro, sobre procedemento de xubilación e concesión de pensión de xubilación de funcionarios civís do Estado.

(BOE do 2 de marzo de 1988)

A disposición final primeira do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril, empraza ó Goberno para ditar un Regulamento para a súa aplicación.

Como queira que os traballos de redacción do Regulamento e de reforma dos actuais procedementos administrativos en materia de Clases Pasivas e de deseño de novos procesos e formas de actuación están nunha fase avanzada, especialmente en relación cos procedementos relacionados coa xubilación dos funcionarios civís do Estado, e como queira que as modificacións e medidas a introducir redundarán nunha maior axilidade e celeridade da acción administrativa neste eido, parece oportuno elevar a rango normativo no momento presente unha parte da regulamentación futura, medida que beneficiará ós funcionarios que se encontran ante o feito da súa xubilación e que contemplan con preocupación as posibles demoras no cobro dos seus haberes pasivos.

En canto ó seu contido, o presente Real Decreto prosegue a liña de simplificación de trámites iniciada polo Real Decreto 2433/1983, do 7 de setembro, pero avanza algúns pasos máis en áreas da consecución do obxectivo fundamental de lograr que o funcionario xubilado pase a percibi-los correspondentes

haberes pasivos sen solución de continuidade no momento da xubilación. Así, menten o principio de iniciación de oficio dos procedementos administrativos correspondentes, pero introduce, como novidade fundamental, que, nos supostos de xubilación forzosa por cumprimento da idade correspondente, nos que pode coñecerse pola Administración por anticipado o momento exacto no que procederá a xubilación, tales procedementos se inicien con anterioridade ó dito momento, o que permitirá que o acordo de concesión de pensión estea elaborado cando se resolva a xubilación do funcionario.

Xunto a esta medida de importancia esencial, a presente norma regula, por vez primeira, de forma completa, o procedemento de xubilación dos funcionarios civís do Estado, o que posibilitará a maior claridade e coordinación na actuación dos diferentes órganos administrativos con competencia ó respecto.

Na súa virtude, por proposta conxunta do Ministro para as Administracións Públicas e do Ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e previa deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de febreiro de 1988,

DISPOÑO:

CAPÍTULO PRIMEIRO

Normas xerais

Artigo 1º.- Ámbito de aplicación.- O presente Real Decreto será de aplicación:

a) Para a tramitación do procedemento de xubilación de:

1. Os funcionarios de carreira de carácter civil da Administración do Estado que estean comprendidos no ámbito persoal de cobertura do Réxime de Clases Pasivas do Estado, incluídos aqueles que prestan servizos en Comunidades Autónomas.

2. Os funcionarios de carreira da Administración de Xustiza.

3. Os funcionarios de carreira das Cortes Xerais.

4. Os funcionarios de carreira doutros órganos constitucionais ou estatais que, por expresa disposición legal, estean comprendidos no ámbito persoal de cobertura do Réxime de Clases Pasivas do Estado.

5. O persoal interino a que se refire o artigo 1º do Decreto-Lei 10/1965, do 23 de setembro.

6. Os funcionarios en prácticas pendentes de nomeamento definitivo como funcionarios de Corpos ou Escalas da Administración Civil do Estado, a Administración de Xustiza, as Cortes Xerais ou algún outro órgano constitucional ou estatal, sempre, neste último caso, que os integrantes do Corpo ou Escala de que se trate estean incluídos no ámbito persoal de cobertura do Réxime de Clases Pasivas do Estado.

b) Para a tramitación do procedemento de concesión de pensión de xubilación en favor do persoal mencionado na letra anterior.

Art. 2º- Procedementos de xubilación e concesión de pensión de xubilación.- 1.

Para efectos de aplicación do artigo anterior, entenderase por procedemento de xubilación o conxunto de actuacións administrativas conducentes a declara-la xubilación forzosa por cumprimento da idade regulamentaria, voluntaria ou por incapacidade permanente para o servizo dos funcionarios mencionados no precedente precepto.

2. Para os mesmos efectos, entenderase por procedemento de concesión de pensión de xubilación o conxunto de actuacións administrativas conducentes ó recoñecemento dos dereitos pasivos dos mencionados funcionarios, ó sinalamento inicial da pensión correspondente e á liquidación e inclusión nunha nómina pagadoira ó seu favor da primeira mensualidade da tal pensión e dos atrasos que, excepcionalmente, puideran existir por este concepto.

Art. 3º- Tramitación coordinada.- En caso de xubilación de carácter forzoso por cumprimento da idade regulamentaria, ambos procedementos tramitaranse coordinadamente, de acordo coas normas do capítulo IV do presente Real Decreto.

CAPÍTULO II

Procedemento de xubilación

Art. 4º- Órgano de xubilación.- Entenderase por órgano de xubilación dos funcionarios civís do Estado o competente para tramitar e acorda-la mesma.

2. O correspondente órgano de xubilación determinarase, en cada caso, por aplicación das normas establecidas no artigo 28, número 3, do texto refundido da Lei de

Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril, e das seguintes regras complementarias:

a) Se o funcionario pertence a algún Corpo, Escala ou praza da Administración de Xustiza, das Cortes Xerais ou dalgún órgano constitucional, a competencia para a xubilación corresponderá ós Centros e Servizos destes órganos do Estado, aínda que o último destino do funcionario non corresponda á Administración de Xustiza, ás Cortes ou ó órgano constitucional de que se trate.

b) Se o funcionario pertence a algún Corpo, Escala ou praza da Administración Civil do Estado e no intre da súa xubilación ocupa destino nesta, a competencia para a xubilación atribuirase ós órganos administrativos correspondentes atendendo, primeiramente, ó carácter da xubilación e, a continuación, se esta é forzosa por idade ou se produce por incapacidade permanente para o servizo, ó último destino ocupado por aquel e, se é voluntaria, á adscrición do Corpo, Escala ou praza correspondente.

c) Se o funcionario pertence a algún Corpo, Escala ou praza da Administración Civil do Estado e no intre da súa xubilación non ocupa destino nesta por estar ó servizo dalgunha Comunidade Autónoma, a competencia para a xubilación corresponderá ós órganos deste última, con independencia do carácter da xubilación e da adscrición do Corpo.

d) Se o funcionario pertence a algún Corpo, Escala ou praza da Administración Civil do Estado e no intre da súa xubilación, está en situación administrativa diferente do servizo activo, a competencia para a xubilación,

calquera que sexa o carácter deste, corresponderá á Subsecretaría do Departamento Ministerial no que prestara servizos no intre de pasar á situación de que se trate.

3. Sen prexuízo das competencias referidas no número anterior, o Rexistro Central de Persoal do Ministerio para as Administracións Públicas colaborará cos distintos órganos de xubilación, prestándolles anticipadamente a información necesaria en canto ós funcionarios que foran a xubilarse por idade nos períodos de tempo que se establezan.

Art. 5º- Iniciación do procedemento.-

1. Caso de xubilación forzosa por idade ou de xubilación por incapacidade permanente para o servizo apreciada de oficio, o procedemento iniciarase polo órgano de xubilación.

No suposto de xubilación por incapacidade permanente apreciada de oficio, a Dirección ou Xefatura do Centro, dependencia ou organismo ó servizo do que estivera adscrito o funcionario dirixirase ó órgano de xubilación, instándoo á iniciación do procedemento de xubilación mediante acordo debidamente motivado, do que se dará conta ó funcionario.

2. Caso de xubilación voluntaria ou de xubilación por incapacidade permanente para o servizo a instancia de parte, o procedemento iniciarase polo funcionario, que dirixirá escrito razoado ó órgano de xubilación, dando conta do mesmo á Xefatura ou Dirección do Centro, dependencia ou organismo a que figurara adscrito.

Art. 6º- Tramitación do procedemento nos supostos de xubilación forzosa por idade.-

1. O procedemento iníciarase polo órgano de xubilación seis meses antes de que o funcionario de que se trate cumpra a idade de xubilación forzosa.

2. Para tal efecto, neste intre, o órgano de xubilación preparará a proposta da resolución a que se refire o seguinte artigo 10 e poñeralla de manifesto ó funcionario para que, no prazo máximo de quince días, alegue e presente os documentos e xustificacións que estime pertinentes. Esta proposta comprenderá, cando menos, os mesmos extremos que se requiren para a resolución definitiva no seguinte artigo 10.

Así mesmo, dará conta ó Centro ou dependencia na que estivera destinado o funcionario da iniciación das actuacións correspondentes.

3. Se o funcionario de que se trate se encontra no suposto contemplado no segundo parágrafo da letra a) do número 2 do artigo 28 do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril e desexa solicita-la prórroga prevista no mesmo lugar, presentará solicitude ó órgano de xubilación no trámite de audiencia regulado no artigo anterior, solicitude que se acompañará da documentación pertinente.

O órgano de xubilación examinará se o funcionario reúne os requisitos fixados no texto refundido citado no precedente parágrafo, debendo solicita-lo informe ó respecto da Dirección do Centro, organismo ou dependencia ó servizo da que estivera este destinado e

podendo reclamar do interesado ou outros organismos, Centros ou dependencias administrativas os documentos ou informacións complementarias que precise.

No referente á aptitude física para o servizo do funcionario, se a Dirección ou Xefatura do Centro, dependencia ou Organismo no que este estivera destinado expresara no informe referido no parágrafo anterior algunha reserva ó respecto, o órgano de xubilación procederá a ordena-la revisión médica oportuna, de conformidade co establecido nos números 1 e 2 do seguinte artigo 7.

4. Se o funcionario non fixera alegacións sobre a improcedencia da súa xubilación ou ténndoas feito non se estimaran, ou si tampouco solicitara a prórroga no servizo activo ou, ténndoa solicitado, non procedera a súa concesión, ditarase a resolución de xubilación que se axustará ás previsións do seguinte artigo 10.

Noutro caso, ditarase resolución, debidamente motivada, que se notificará ó funcionario de acordo coas previsións dos artigos 79 e 80 da Lei de Procedemento Administrativo e trasladarase ó Centro ou dependencia de destino do funcionario.

Art. 7º- Tramitación do procedemento nos supostos de xubilación por incapacidade permanente para o servizo en que as actuacións se iniciaran de oficio.-

1. No suposto de iniciación de oficio do procedemento de que se trata, á recepción do escrito a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 5 precedente, o órgano de xubilación comunicará ó funcionario a iniciación do procedemento de xubilación e, paralelamente, dirixirase á Dirección Provincial

do Instituto Nacional da Saúde correspondente ó domicilio do interesado ou ó órgano competente da Comunidade Autónoma que corresponda en función do mesmo criterio, para que este provea o necesario para que o Tribunal Médico da Unidade de Valoración de Incapacidades ou órgano equivalente dos servizos sanitarios da Comunidade recoñezan ó funcionario.

Este Tribunal convocará ó funcionario para o exame correspondente, nos quince días seguintes á recepción da comunicación da Dirección Provincial citada no parágrafo anterior ou do outro órgano de que se trate.

Se o funcionario estivera impedido para comparecer perante o Tribunal Médico, este proverá de inmediato o necesario para que sexa examinado no seu domicilio ou no Centro sanitario en que estivera internado.

Se o funcionario non comparecera voluntariamente ante o órgano pericial, este reiterará por unha vez a convocatoria, comprobados a través dos servizos do órgano de xubilación os datos de filiación e domicilio do interesado.

Se o funcionario non comparecera tampouco, o Tribunal Médico, se puidera formar opinión válida sobre a capacidade ou incapacidade do funcionario nos termos referidos no seguinte número a partir dos documentos clínicos ou doutra índole que puideran obrar no seu poder, porá en coñecemento do órgano de xubilación a non comparecencia do funcionario e remitiralle a acta e o ditame referidos no mesmo lugar. Se non puidera validamente forma-la súa opinión, porá en coñecemento do órgano de xubilación

esta eventualidade e este reclamará os documentos ou informes que estime oportunos e remitiraos ó Tribunal unha vez obren no seu poder, para que este estenda a acta a que se refire o seguinte número 2 e, se iso fora posible, o ditame alí referido.

Sen prexuízo de todo iso, deduciranse en contra do funcionario que non comparecera voluntariamente as responsabilidades disciplinarias que procederan.

2. O Tribunal Médico estenderá acta da sesión no curso da que se examine ó funcionario ou se forme a súa opinión, así como un ditame razoado sobre a capacidade ou incapacidade deste para o servizo, entendidos estes conceptos nos termos da letra c) do número 2 do artigo 28 do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

Este informe pericial e acta trasladaranse ó órgano de xubilación, no curso dos dez días seguintes á celebración da sesión.

3. Recibidos polo órgano de xubilación o ditame pericial e a acta, este preparará a proposta da resolución mencionada no seguinte artigo 10 e poraa de manifesto ó funcionario para que, no prazo máximo de quince días, alegue e presente os documentos e xustificacións que estime oportunos.

4. Á vista do ditame e das alegacións do interesado e, se é o caso, da ampliación da pericia que puidera solicitar do Tribunal Médico que ditaminará, o órgano de xubilación, se é o caso, ditará a resolución de xubilación, que se axustará ás previsións do seguinte artigo 10.

En caso de non entenderse procedente a xubilación, comunicarase así polo órgano de xubilación á Xefatura ou Dirección do Centro ou Departamento e destino do funcionario, que o notificará en debida forma a este.

5. As comunicacións entre o órgano de xubilación e o Tribunal Médico realizaranse sempre directamente.

Art. 8º- Tramitación do procedemento nos supostos de xubilación por incapacidade permanente para o servizo en que as actuacións se iniciarán a instancia de parte.-

1. No suposto de iniciación a instancia de parte, á recepción do escrito previsto no parágrafo segundo do número 1 do anterior artigo 5, o órgano de xubilación procederá inmediatamente no sentido exposto no número 1 do artigo 7 deste Real Decreto.

2. O procedemento tramitarase en todo conforme o previsto nos números 2 e 3 do mesmo precepto.

3. Á vista do ditame e as alegacións do interesado e, se é o caso, da ampliación da pericia que puidera solicitar, o órgano de xubilación, se é o caso, ditará a resolución de xubilación que se axustará ás previsións do seguinte artigo 10.

Se non se entendera procedente a xubilación, ditarase resolución motivada que se notificará ó interesado de conformidade co previsto nos artigos 79 e 80 da Lei de Procedemento Administrativo do 17 de xullo de 1958 e da mesma darase conta ó Centro ou Dependencia de destino do funcionario.

Art. 9º- Tramitación do procedemento nos supostos de xubilación voluntaria.-

1. Iniciado o procedemento na forma exposta no número 2 do artigo 5 anterior, o órgano de xubilación comprobará se concorren no caso os requisitos establecidos na letra b) do número 2 do artigo 28 do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril, podendo reclamar información e documentación complementaria do funcionario ou doutro Centro ou Dependencia administrativa.

2. Se se comproba a concorrencia de tales requisitos, o órgano de xubilación ditará a resolución de xubilación que se axustará ó disposto no seguinte artigo 10.

3. Se se comproba a ausencia dalgún requisito ou de todos, o órgano de xubilación ditará resolución motivada que se notificará ó interesado de conformidade co previsto nos artigos 79 e 80 da vixente Lei de Procedemento Administrativo do 17 de xullo de 1958 e da mesma darase conta ó Centro ou Dependencia de destino do funcionario.

Art. 10- Resolución de xubilación.-

1. A resolución de xubilación, ditada polo órgano de xubilación, porá fin ó procedemento regulado neste capítulo.

2. A mesma comprenderá necesariamente os seguintes extremos:

a) Indicación do carácter da xubilación, segundo os termos do artigo 28, número 2, do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

b) Expresión da data de xubilación.

c) Identificación do órgano de xubilación, con referencia ó número 3 do artigo 28 do texto refundido citado con anterioridade.

3. Caso de que o funcionario solicitara prórroga no servizo activo, de conformidade co establecido no número 3 do anterior artigo 6, e esta se denegara, a resolución expresará esta circunstancia e os motivos da mesma.

4. A resolución, necesariamente, será de data posterior á sinalada na letra b) do número 2 anterior, debendo aprobarse no termo dos dez días seguintes ó da indicada data.

5. A resolución notificarase ó funcionario de acordo coas previsións dos artigos 79 e 80 da Lei de Procedemento Administrativo e darase conta inmediata da mesma á Dirección ou Xefatura do Centro ou Dependencia de destino daquel.

a) «Recoñecemento de dereitos pasivos e sinalamento inicial da pensión», a resolución administrativa declarativa do dereito do funcionario á pensión e da contía mensual íntegra desta no intre de adoptarse o acordo e dos atrasos a percibir desde a data de arranque da pensión ata a da resolución, determinándose estas contías sobre a exclusiva base das regras de cálculo do capítulo II do subtítulo segundo do título primeiro do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

b) «Liquidación», a resolución administrativa declarativa do dereito ó cobro da pensión polo funcionario e da contía aboable na nómina seguinte á da mensuralidade en que se practique a tal liquidación pola pensión e os seus atrasos, aplicadas as normas correspondentes sobre limitación de crecemento e percepción de pensións públicas, incompatibles, descontos e percepcións anexas e suplementarias.

CAPÍTULO III

Procedemento de concesión de pensión

Art. 11.- Obxecto do procedemento.-

1. De conformidade co indicado no artigo 2 do presente Real Decreto, o procedemento ten como obxecto a realización dos seguintes actos:

a) Recoñecemento de dereitos pasivos que corresponderan ó funcionario e sinalamento inicial da pensión que proceda.

b) liquidación da mesma.

2. Entenderase por:

Art. 12.- Competencia para a súa

tramitación.- De acordo co disposto no número 1 do artigo 11 e no número 3, letra a), do artigo 12 do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril, corresponde á Dirección Xeral de Economía e Facenda a tramitación do recoñecemento de dereitos pasivos e o sinalamento inicial da pensión e a tramitación da liquidación das pensións nas que o pagamento correspondera á Caixa Pagadora Central do Tesouro Público. E corresponde a cada unha das Delegación de Facenda, a tramitación da liquidación das pensións nas que o pagamento correspondera á Caixa pagadora de cada unha delas.

Art. 13.- Iniciación.- O procedemento de concesión de pensión iniciárase de oficio, mediante a remisión á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas polo órgano de xubilación de que se trate, do impreso de iniciación do procedemento a que se refire o artigo seguinte, debidamente cuberto.

2. O devandito impreso deberá remitirse á citada Dirección Xeral, no termo de dez días, contados a partir daquel en que o órgano de xubilación dite a resolución de xubilación do funcionario.

Art. 14.- Impreso de iniciación de oficio do procedemento de concesión de pensión.- 1. O devandito impreso constará de dúas partes. Unha referida á certificación de servizos efectivos ó Estado computables polo funcionario e outra referida a información complementaria necesaria para a liquidación.

2. O modelo deste impreso aprobarase por Orde conxunta do Ministro para as Administracións Públicas e do Ministro de Economía e Facenda, que se publicará no «Boletín Oficial do Estado».

Na devandita Orde faranse constar, así mesmo, as instrucións para enchela, que será de obrigatoria observancia para tódolos órganos de xubilación e funcionarios.

3. Polo Ministerio de Economía e Facenda e o Ministerio para as Administracións Públicas proverase o necesario para a confección centralizada dos impresos e o reparto dos mesmos a tódolos órganos de xubilación a partir do día seguinte ó remate do prazo fixado na disposición final única do presente Real Decreto.

Art. 15.- Enchido do impreso.- 1. A parte do impreso reservada á certificación de servizos efectivos ó Estado encherase polos servizos do órgano de xubilación.

Na mesma faranse constar tódolos servizos que prestara o funcionario ou que se lle recoñeceran daqueles mencionados no artigo 32, número 1 do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

2. Para os efectos do número anterior, no mesmo momento de iniciación do procedemento de xubilación, os servizos do órgano de xubilación dirixíranse ó funcionario, comunicándolle a información obrante no seu poder, debidamente acreditada, acerca dos servizos efectivos que puideran considerárselle para efectos de clases pasivas e requiríndoo para que, en caso de poder computárselle algúns outros, o advirta cumpridamente. No suposto de que existiran entre outros servizos, dos que non tiveran evidencia os servizos administrativos correspondentes, o órgano de xubilación dirixírase á autoridade ou órgano que corresponda de entre os mencionados no artigo 13, número 1, do texto refundido citado con anterioridade, en solicitude de certificación ou acreditación da efectividade dos servizos alegados polo funcionario.

No caso de que non existiran outros servizos que aqueles que constaran suficientemente ó órgano de xubilación ou, noutro caso, unha vez recibida da autoridade ou órgano correspondente a certificación ou acreditación dos outros servizos, procederase a cubri-la certificación de servizos efectivos ó Estado.

Unha vez estendida a certificación, da mesma darase traslado ó funcionario de que se trate, xunto coa xustificación sucinta da non inclusión na mesma dalgúns servizos alegados por aquel, no suposto de que tal eventualidade se producira, podendo este interpoñer contra a mesma os recursos procedentes en dereito.

3. A parte do impreso referente a información complementaria para liquidación deberá encherse polo funcionario, debendo os servizos do órgano de xubilación requirilo oportunamente para o efecto.

Art. 16.- Recepción e devolución do impreso.- 1. Unha vez recibido na Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas o impreso de iniciación de procedemento, polos servizos competentes desta procederase a comprobalo.

Especialmente, comprobarase se o impreso se axusta ó modelo aprobado polo devandito Centro, e se foron cubertos polo funcionario do que se trate a xubilación os extremos requiridos como información complementaria para a liquidación.

Esta comprobación deberá realizarse nos dez días seguintes a aquel en que se recibira.

2. Se o impreso contivera defectos que incidan nos aspectos indicados no número anterior, os servizos correspondentes da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, no termo de cinco días, contados a partir daquel en que se realizara a comprobación mencionada no número anterior,

devolverán o mesmo á súa orixe para a súa emenda.

O procedemento deterase ata que os servizos do órgano de xubilación remitan novamente a aqueles o impreso debidamente cuberto. Tales servizos deberán proceder neste sentido, dentro do prazo máximo de quince días, contados a partir daquel en que reciban requirimento de emenda.

3. Os defectos puramente formais ou as irregularidades non invalidantes non obrigarán a devolve-lo impreso a orixe, podendo emendarse polos servizos da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas para os únicos efectos da súa tramitación, aínda que se advertirá ós servizos a cargo da autoridade competente para declara-la xubilación a conveniencia de corrixilos ou eliminalos.

Art. 17.- Recoñecemento e sinalamento inicial.- 1. Comprobado o impreso de iniciación do procedemento, os servizos da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas procederá a practicalo recoñecemento dos dereitos pasivos do funcionario e o sinalamento inicial da pensión, con suxeición ás disposicións do texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado, aprobado por Real Decreto-lexislativo 670/1987, do 30 de abril, e ás regulamentarias a que se refire a disposición transitoria novena do mesmo.

Estas actuacións serán fiscalizadas polos correspondentes órganos da Intervención Xeral da Administración do Estado.

2. O recoñecemento dos dereitos pasivos do funcionario, e o sinalamento inicial da pensión do mesmo, caso de ser

precedentes, faranse constar nunha resolución da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas que constituirá o título de pensionista e a acreditación dos dereitos pasivos do funcionario para efectos da liquidación e inclusión en nómina da pensión.

Art. 18.- Liquidación e comparecencia do interesado para efectos da mesma.-

1. Unha vez ditada a resolución de recoñecemento de dereitos e sinalamento inicial de pensión, os servizos correspondentes da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas consignarán o pagamento da mesma na Caixa Pagadora do Tesouro Público correspondente á provincia de residencia do funcionario ou na elixida por este caso de residir no estranxeiro.

Así mesmo, caso de que a devandita Caixa Pagadora do Tesouro Público fora a Central, comunicarán ó funcionario a adopción do acordo de recoñecemento do seu dereito pasivo e de sinalamento inicial da pensión e requirirano para que compareza ante eles mesmos para efectos de recibi-lo título de pensionista, contra a sinatura do oportuno recibo, e comparecer para efectos da liquidación e inclusión en nómina da súa pensión.

Caso de que a Caixa de consignación fora unha Caixa Pagadora provincial, os servizos da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas comunicarán ó funcionario os extremos mencionados, requiríndoo esta vez para que compareza ante os Servizos da Delegación de Facenda de que se trate, e, paralelamente, remitirán á devandita Delegación de Facenda o título de pensionista, o documento de recibo correspondente e parte do impreso de iniciación do procedemento

referente a información complementaria para liquidación.

2. Unha vez comparecido o funcionario e comprobada a súa identidade, os Servizos correspondentes da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas ou a Delegación de Facenda de que se trate, practicarán a liquidación da pensión, de acordo coas disposicións do texto refundido e as regulamentarias referidas na disposición transitoria novena do mesmo. Esta actuación será fiscalizada polos órganos correspondentes da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. A liquidación practicarase a partir da información contida na parte do impreso de iniciación do procedemento que foi cuberta polo funcionario.

Se o funcionario demorara en comparecer e transcorreran máis de seis meses entre o momento da sinatura polo mesmo deste impreso e o da liquidación, no intre da comparecencia do funcionario ante os servizos correspondentes, deberá este cubrir un impreso que recolla a mesma información para efectos da liquidación correspondente.

4. A liquidación practicada notificarase ó funcionario de conformidade co previsto nos artigos 79 e 80 da vixente Lei de Procedemento Administrativo do 17 de xullo de 1958.

5. Ó momento da comparecencia referida nos números anteriores, o interesado deberá encher, para efectos do pagamento da súa pensión, o correspondente impreso de elección do procedemento de cobro.

6. Unha vez realizadas estas actuacións, os Servizos da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas ou da Delegación de Facenda de que se trate, incluírán a pensión liquidada na primeira nómina pagadoira.

Art. 19.- Disposicións complementarias.- 1. Tanto o título de pensionistas como a liquidación constituirán resolucións administrativas susceptibles de seren recorridas polo funcionario.

2. O procedemento de concesión de pensión non poderá estenderse por máis de tres meses, contados desde a súa iniciación ata o momento de práctica da liquidación.

CAPÍTULO IV

Tramitación coordinada dos procedementos de xubilación e concesión da pensión

Art. 20.- Tramitación.- 1. De conformidade co disposto no precedente artigo 3º, nos supostos de xubilación forzosa por idade tramítanse coordinadamente os procedementos regulados nos capítulos III e IV do presente Real Decreto.

2. O procedemento de xubilación iníciase e tramítase do xeito que queda exposto no artigo 6º deste Real Decreto e no seguinte se o funcionario solicitara prórroga no servizo activo, ata o intre de dita-la correspondente resolución de xubilación.

3. Paralelamente, realizaranse as actuacións previstas no número 2 do precedente artigo 15 e, unha vez determinados os servizos efectivos ó Estado computables ó

causante, o órgano de xubilación cubrirá un impreso provisional de iniciación de oficio do procedemento de concesión de pensión.

Este impreso será aprobado mediante a Orde referida no número 2 do artigo 14 deste Real Decreto, e confeccionarase e repartirase do xeito indicado no mesmo.

No impreso constarán, debidamente identificados, os servizos que computaría o funcionario ata o intre da súa xubilación, de permanecer inalterable a súa situación administrativa.

4. Como máximo, ós tres meses da iniciación do procedemento de xubilación nestes supostos, o órgano de xubilación remitirá á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas o impreso provisional debidamente cuberto.

5. A partir da recepción do impreso e comprobado este de acordo coas disposicións do número 1 do artigo 16 deste Real Decreto, os Servizos da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas procederán a confeccionar unha proposta de acordo de recoñecemento de dereitos pasivos e sinalamento inicial de pensión baseándose na información contida no impreso provisional, que se fiscalizará polos correspondentes órganos da Intervención Xeral da Administración do Estado.

6. Unha vez cumprida a idade de xubilación polo funcionario, se non houbera variación na situación administrativa deste de acordo coa figurada no impreso provisional, o órgano de xubilación ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 10 deste Real Decreto e encherá a parte correspondente á

certificación de servizos no impreso de iniciación do procedemento de xubilación, consignando simplemente a non existencia de variación con respecto do provisional. A continuación, dará traslado de copia do impreso definitivo ó funcionario, para os efectos referidos no número 2 do artigo 15 desta norma, e requirirao para que encha a parte do mesmo referida a información complementaria para liquidación.

Se houbera variación, o órgano de xubilación encherá o impreso definitivo, facendo constar estas modificacións, e procederá nos demais como queda referido no parágrafo anterior.

7. O impreso definitivo remitirase á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas no termo previsto no número 2 do artigo 13 deste Real Decreto.

8. Se non houbera variación respecto da información contida no impreso provincial, os servizos da indicada Dirección Xeral emitirán o título de pensionista e procederán, xunto cos da Delegación de Facenda que, se é o caso, corresponda, a practicala liquidación e demais actuacións previstas.

Se houbera variación, será preciso que a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas anule a proposta confeccionada e inicie novamente o procedemento de concesión de pensión.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. Información estatística e recomendacións.- 1. Trimestralmente, os órganos de xubilación deberán remitir á

Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda a documentación médica correspondente ós supostos de prórroga no servizo activo e ós procedementos de xubilación por incapacidade permanente para o servizo que tramitaran neste período e concluíran con declaración de ineptitude física ou incapacidade do funcionario afectado. Por resolución da devandita Dirección Xeral, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», dítaranse as instrucións acerca da forma a que deberá axustarse a documentación remitida.

2. A mesma Dirección Xeral formará táboas estatísticas e informes a partir dela, con referencia especial ás características médicas dos supostos admitidos polos distintos órganos de xubilación como determinantes de incapacidade ou ineptitude para o servizo.

3. A devandita Dirección Xeral poderá en caso de estimalo oportuno por advertir graves diferenzas de criterio, someter á Secretaría de Estado de Facenda do mesmo Departamento Ministerial a conveniencia de ditar recomendacións de carácter xeral ou específico para determinados órganos de xubilación, coa finalidade de coordinar e unificar os criterios diverxentes. Por proposta da Secretaría de Estado de Facenda, as recomendacións dítaranse conxuntamente por esta e a Secretaría de Estado para a Administración Pública do Ministerio para as Administracións Públicas, e publicaranse, caso de ser xerais, no «Boletín Oficial del Estado».

Segunda. Modelo de certificación de servizos.- A Orde dos Ministros para as Administracións Públicas e de Economía e Facenda, referida no artigo 14, número 2, deste

Real Decreto, poderá dispoñe-la utilización do mesmo formato de certificación de servizos que se empregue para os impresos mencionados neste Real Decreto en tódolos procedementos de recoñecemento de pensión de Clases Pasivas causadas por funcionarios.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Os procedementos administrativos que estiveran en curso ó momento de entrada en vigor deste Real Decreto continuarán tramitándose ata o seu remate, de conformidade coa normativa anteriormente vixente.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Facúltase ós Ministerios para as Administracións Públicas e de Economía e Facenda para ditar cantas disposicións ou instrucións precise o desenvolvemento do presente Real Decreto.

Segunda. O presente Real Decreto entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid a 22 de febreiro de 1988.

JUAN CARLOS R.

O Ministro de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, *Virgilio Zapatero Gómez*